

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

Rúa Curros Enríquez, 1-4º

32003 Ourense

Asunto: Alegacións ao ACORDO do 22 de abril de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Fonsanta, situado nos concellos de Bande, Rairiz de Veiga e Vereá, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2018/017), DOG Núm. 96, 19 de maio de 2022.

Don/Doña

_____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións _____ en

_____ municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

Expón:

Estudo de afeccións polo proxecto de creación dunha explotación eólica no monte veciñal en man común, Monte Grande (Bande, Val do Limia).

1. Situación e marco xeográfico

A explotación eólica e LAT que pretenden crearse, (Parque eólico de Fonsanta e LAT Lamas de Feás-Frieira) segundo as tramitacións da Xunta de Galicia e o Goberno español, sitúase na área de exposición directa do Parque Arqueolóxico do Monte Grande coa a súa proxección dentro dos límites dos concellos de Bande, Vereá e Rairiz de Veiga, na divisoria natural entre os ríos Limia e Arnoia; antesala do Gran Parque Natural do Xurés e mirador privilexiado sobre o mesmo. Todo este cordal montañoso entre o Val do Limia e as Terras de Celanova situado dentro da área da Reserva Internacional da Biosfera Gerês-Xurés, coñécese como a Serra de Bande, Monte Grande ou Arnedo. Un monte cunha gran riqueza patrimonial, forestal, paisaxística, xeolóxica e natural que se prestou para a creación ao ar libre do espazo cultural e arqueolóxico do Monte Grande.

2. Descrición

A área de implantación do parque arqueolóxico, distribúese entre os 800 e os 1.100 metros sobre o nivel do mar, comprendendo unha ampla franxa de territorio disposto entre as aldeas das parroquias de San Pedro de Bande, Santa María de Carpezás e San Pedro de Vilar.

Os abundantes xacementos arqueolóxicos espállanse entre as diferentes lomas e outeiros do monte, misturados cunha zona de gran variedade silvícola e forestal. No que respecta á riqueza forestal, presenta grandes masas de arbolado superior a 50 anos de *Pinus Pinaster*, *Silvestris* e *Nigra*. As corgas e nacentes nútrense de bidueirais e amieirais, complementados coa presenza de salgueiros e arbustos tipo sanguíño, espiño, ericáceas... Destaca na zona alto do monte do Arando a gran concentración de arando salvaxe (*Vaccinium myrtillus*), de ahí o topónimo, sendo unha reliquia a conservar; do mesmo xeito que o enorme tapete de musgo que cubre toda zona alta do monte grande, unha singularidade a preservar. A rexeneración natural de carballeiras que se está a levar a cabo no Monte Grande no entorno da Fonte Santa, contribúe a manter a súa gran biodiversidade e o seu benestar ecolóxico. Tamén é preciso protexer o extenso espazo de turbeira da Lagoa Grande, cun hábitat especial cuxo fráxil equilibrio se pode ver alterado á mínima actuación. Unha gran cantidade de hábitats prioritarios cuxa normativa europea é moi explícita en canto a esixencia da súa conservación.

Do mesmo xeito e o hábitat do piquitorto (*loxia curvirostra*), un paxaro que se alimenta de piñóns e posiblemente de todo Galicia só crie no Monte Grande. Nesa dirección, a protección do piñeiral é esencial, sendo ademáis declarado o Monte Grande semilleiro europeo, e arpoiteándoa as sementes de *pinus silvestris* para expandir por Europa, dada a gran calidade das mesmas.

Cos tratamentos silvícolas que se están a desenvolver no Monte Grande, preténdese sobre todo:

- Contribuír para un modelo de xestión baseado na sustentabilidade económica e o respecto ao entorno: patrimonio, solo, foresta, paisaxe e auga.
- Minimizar o impacto en áreas de especial interese e sensibilidade patrimonial e medioambiental.

Os restos arqueolóxicos distribuídos por toda a extensión da serra e perfectamente adaptados á paisaxe, concréntanse en xacementos que abranguen un longo periodo de tempo que vai dende a Prehistoria ate a Idade Media; destacando necrópoles megalíticas, petróglifos, covañas, castros e foxos do lobo. Os máis representativos están integrados no Parque Arqueolóxico; concretamente as mámoas das Terras Brancas, as mámoas do Arando, a mámoa do Vieiro, as mámoas e petróglifos da Fonte

Santa, as mámoas e petróglifos do Monte Raso, os petróglifos do Arieiro, o lugar cultural do Penedo da Veliña e o foxo do lobo das Covateiras.

Todo esta variedade patrimonial representa unha gran riqueza cultural para o Monte Grande, un legado ancestral que os comuneiros levan décadas preservando coa finalidade de protexer e transmitir intacto ás xeracións futuras. Patrimonio que se integra na enorme biodiversidade natural na que a xoia se representa na grandes carballeiras autóctonas, como hábital principal do lobo e de todo tipo de fauna salvaxe dos bosques.

3. Marco Patrimonial

Guiándonos polos achados arqueolóxicos, conséntase que o Monte Grande, estivo poboado xa no **Neolítico**, como denotan os monumentos megalíticos referenciados, tanto no Monte Grande como nas serranías circundantes. Todas estas construcións tumulares representan a pegada que as sociedades de cazadores e recolectores do Neolítico tiveron sobre estas terras, deixando os vestixos do seu culto á morte, as súas crenzas e rituais.

Seguindo co devir histórico deste territorio, denótase a presenza de comunidades humanas na Idade do Cobre e do Bronce Atlántico que deixaron as súas gravuras en pedra, coma no caso do petróglifos do Monte Arieiro, Fonte Santa e Lagoa Grande. Testemuñas complementadas con multitude de xacementos nas veigas do Limia e afluentes, onde se localiza en superficie unha gran cantidade de cerámica Campaniforme e tipo Penha.

Cara a finais da Idade do Bronce Atlántico, por volta dos inicios do 1º milenio a.n.e, comezará a reorganizarse progresivamente o territorio, co retroceso dos poboados de veiga e a ocupación de outeiros con boa visibilidade e boas condicións defensivas, incrementadas con murallas e foxos. Son os comezos da Cultura Galaica co castro como núcleo principal de vivenda e un territorio de acción ao seu redor, onde desenvolver as actividades inherentes á súa subsistencia. No entorno do Monte Grande temos os exemplos do castro do Ribeiro, o castro de Congostro e o castro de Sarreaus.

Coa chegada dos romanos á *Gallaecia*, cambia radicalmente o modelo de explotación do territorio ao pasar a ser tributarios dun grande imperio; tendo moita incidencia nesta comarca, coa construción da *Vía Nova* ou *Vía XVIII* que unía *Bracara* con *Asturica* pasando polo Campamento Militar Romano de *Aquis Querquernis*. Tanto esta vía coma outra vía de comunicación secundaria que pasa polo Alto do Vieiro, circunvalan a área de implantación do Parque Arqueolóxico, dando conta do elevado trafelgo de viaxeiros que circulaban pola comarca.

Dese xeito, tra-la implantación do réxime romano, fóronse despoboando progresivamete os poboados fortificados, aparecendo novos modelos de asentamento, as *villae* e os *vici*, en vales abertos e

orientados á produción agropecuaria. As pequenas aldeas derivadas do novo sistema de organización do territorio, establecido ao abeiro do modelo parroquial suevo, foron ocupando o espazo de produción deixado polos castros. A estas aldeas, ademáis do rico patrimonio etnográfico que atesouran, está vencellado o foxo do lobo das Covateiras, construído na Idade Media para protexer a cabaña gandeira comunitaria, reducindo a presenza de lobo no monte.

A medida que avanzou a Idade Media, as loitas feudais e a desprotección do campesiño, fixo que se fosen establecendo vínculos se vasallaxe amparando a protección dun señor. A este episodio feudal que proliferou no Medievo están asociados os castelos rocheiros, as fortalezas e as torres, como é o caso da Torre de Celme, no extremo leste do Monte Grande.

3. IMPACTOS DO "PARQUE EÓLICO FONSAITA" SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL

Impacto visual

A nivel patrimonial a roturación do monte para os accesos á explotación eólica e implantación dos aeroxeneradores, supón un severo impacto visual, alterando todo o entorno das mámoas, a intervisibilidade entre elas e o contexto no que foron creadas. De feito, tanto no Monte Raso como na Fonte Santa, os aeroxenerados van proxectados no entorno inmediato das mámoas e dos petróglifos. Ao que hai que engadir subestación e liñas de evacuación que son de impacto considerable.

Impacto sobre o foxo do lobo


Do mesmo xeito, o foxo do lobo das Covateiras recentemente acondicionado para fins turísticos, vese alterado no seu entorno máis inmediato. O Foxo do lobo tiña paredes laterais que chegaban case aos 500 metros no lado sur e pasaba dos 600 no lado norte, chegando as ruínas actualmente ata o alto do Arando e posuíndo no medio un radio de acción por onde se desenvolvía a batida histórica do lobo. Polo tanto, ao ser considerado un xacemento arqueolóxico catalogado en Patrimonio que foi escavado e consolidado na última década, ten unha protección de 200 metros dende o límite máis exterior das súas paredes laterais; debendo tamén protexerse o espacio entemedio onde se desenvolvía a batida do lobo, onde se sitúan as mámoas das Terras Brancas formando todo un conxunto arqueolóxico-natural.

Impacto paisaxístico

A nivel paisaxístico O Parque eólico Fonsanta, provoca un brutal impacto sobre o Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, sendo visible dende toda a extensión do Parque Natural, tando na Serra do Xurés como na Serra do Leboreiro, sen ningún coto intermedio que minimize a intervisibilidade, polo que o impacto é directo con torres xigantecas de 180 metros de altura coas palas a escasos 7 kms

do parque natural. De igual xeito que as torres de evacuación da enerxía xerada, xerarían un forte impacto paisaxístico sobre o Xurés. Polo que consideramos que este tipo de explotacións que provocan tanto impacto visual, se deberían desplazar considerablemente do ámbito visual do maior parque natural de Galicia.

Cómpre salientar que a totalidade do territorio do Concello de Bande forma parte da Reserva Internacional da Biosfera Xurés-Gerês, apostando pola calidade turística e paisaxística, coa que non é compatible o parque eólico Fonsanta.



Mapa do impacto paisaxístico dos eólicos

Impacto sobre a flora e a fauna

A nivel natural o impacto é crítico, dadas as grandes masas de carballeira, rexenareada naturalmente, bidueirais, a presenza de musgo formando tapete e o arando silvestre, unha planta delicada que debe ser protexida. Do mesmo xeito que a turbeira da Lagoa Grande, que forma un hábitat singular de gran fragilidade e sensible a calquera alteración do seu entorno. Medio no que habita unha inxente cantidade de fauna salvaxe como xabaril, corzo, teixugo, esquíu, algaria... coa presenza do rei do bosque no cima da pirámide trófica, o lobo; animal que vén de ser considerada especie protexida polo cal se debe preservar inalterado o seu hábitat. O Monte Grande, tamén é refuxio de innumerables tipos

de aves diurnas e nocturnas: cuco, gaio, águia, curuxa, bufo, piquitorto; sendo de gran interés a elevada presenza de petos (páxaro carpinteiro). Zona de influencia directa da ZEPA da Limia, coa nidificación de Ánade Réal na Lagoa Grande e zona de transición de outras aves acuáticas. Un monte nun gran equilibrio natural ateigado de hábitats prioritarios, porta de acceso ao gran parque natural de Galicia (O Xurés) que sería unha mágoa estragar.

Impacto directo sobre as carballeiras

A impacto sobre a rexeneración de máis 50 hectareas de Carballeira da Fonte Santa, máis outras 30 hectáreas en proxección subvencionadas pola Xunta de Galicia para contribuir á formación de hábitats autóctonos prioritarios, é crítico. Non ten lóxica que agora se pretenda instalar nela os aeroxeneradores dunha explotación eólica, cos movementos de terra que leva asociados e creación de plataformas que alterarían gravemente a carballeira natural que foi rexenerada con fondos públicos europeos xestionados pola Xunta.

Impacto sobre o hábitat do lobo

Impacto directo sobre o Habitat do lobo ibérico, con presenza corroborada por naturalistas e técnicos do parque do Xurés en toda a extensión do Monte Grande. A súa conservación debe ser unha premisa para manter a poboación de lobos en Galicia nun estado de conservación favorable, de forma tal que contribúa á viabilidade da poboación ibérica no seu conxunto, asegurando a súa aportación ao mantemento dos nosos ecosistemas naturais, procurando a compatibilidade co aproveitamento gandeiro tradicional e favorecendo que a especie se converta nun elemento dinamizador do desenvolvemento rural. Dese xeito, o Monte Grande, dada a súa gran extensión e nicho ecolóxico de poboación lobuna debería ter medidas que non impactes no seu equilibrio, encamiñadas a:

- a) Manter a poboación de lobos nun estado de conservación favorable en toda a comunidade autónoma, dado que a súa presenza é habitual e atópase consolidada.
- b) Permitir a expansión natural da especie cara a novos territorios onde sexa ecolóxica e socialmente viable, especialmente interconectando coa Serra do Leboreiro, o Furriolo e a Serra de San Tomé.
- c) Minimizar os efectos negativos que a especie poida orixinar sobre o gando, promovendo a implantación de medidas de custodia e prevención de ataques.
- d) Conseguir reducir a mortalidade incidental e accidental, intensificando a vixilancia e persecución das accións ilegais sobre a especie.
- e) Fomentar ao lobo e á súa imaxe como un recurso socioeconómico que favoreza o desenvolvemento rural.
- f) Promover a investigación científica sobre a bioloxía, ecoloxía e comportamento do lobo e sobre os factores que inciden na súa dinámica poblacional, e divulgar ao público en xeral estes coñecementos.

g) Mellorar, a través da educación ambiental, o coñecemento e percepción do papel que xoga o lobo na conservación da biodiversidade dos nosos ecosistemas, así como concienciar á sociedade da necesidade de lograr a necesaria coexistencia da presenza da especie coa ganadería, como un factor de estabilidade para a propia persistencia da especie.

h) Avanzar na implantación dun procedemento áxil de compensación de danos á ganadería extensiva.

i) Mellorar o coñecemento sobre a especie, a través da investigación científica e dun adecuado sistema de seguimento e censado.

Impacto forestal

Tamén provocaría un impacto sobre a enorme riqueza forestal do Monte Grande, do que é unha gran potencia, tanto polo seu volume como pola súa calidade. De feito está calogado como Semilleiro Europeo pola gran calidade das sementes de *Pinus silvestris* e avalado pola Consellería de Medio Rural. Contando cun plan de Ordenación Forestal aprobado pola Xunta de Galicia, no que se determinan as cortas, reforestacións e zonas a preservar para os vindeiros 10 anos.

Como se pode comprobar o Monte Grande presenta unha claro predomino forestal: mais dentro da multifuncionalidade que se lle está outorgando, goza dun perfecto equilibrio que non se pode ver alterado pola construción dunha explotación eólica. A cal co paso da maquinaria, os movementos de terras, o impacto visual e acústico, poñería en serio perigo a súa estabilidade natural e o seu alto valor patrimonial. E o máis solientable, o brutal impacto visual dos aeroxeneradores de 180 metros de altura e torres, dende todos os recunchos do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

Penedo do Arando: Substrato granítico típico do Monte Grande

Impacto xeolóxico

A riqueza xeolóxica do Monte Grande, é indescribible; innumerabeis penedos mergullados no substrato da coiraza terrestre e agromando en figuras enigmáticas que se ocultan entre a densa vexetación. Proliferan sobre todo nos outeiros e cumios, mais tamén na vagoadas e chairas. Son destacabeis os afloramentos rochosos da Fonte Santa, do Monte Raso, do entorno do Penedo da Veliña, do Garabelao, da Pedra Furada e do Arando. A maioría deles, con coviñas petrografadas de orixe antrópico, asociadas á cultura neolítica que poboou esta serra hai cinco milenios; coma o caso da coviñas da Fonte Santa, do Monte Raso ou da Pedra Furada.

Impacto sobre o musgo

O musgo do Monte Grande, forma un tepex natural de formidable excepcionalidade, expandíndose por toda a extensión do monte, sobre todo na zona do Arando, na Terras Brancas e no Monte Raso. O

réxime hídrico hiperhúmido desta serra e as condicións termófilas creadas pola densa vexetación, fixeron que se crease un tupido manto de musgo que cando se pisa parece un colchón. Cremos que esta riqueza non debe alterarse con novas pistas e plataformas e debe ficar inalterado pola alta calidade ecolóxica que presenta.

Impacto sobre o habitat do piquitorto

Único lugar do país documentado pos SGHN (Sociedade Galega de Historia Natural) como lugar de cria do Piquitorto (*Loxia Curvirostra*), unha ave emblemática que se alimenta de piñóns e por eso ten esa forma característica de pico curvo; formándo grandes comunidades espalladas por todo o Monte Grande.

O seu hábital preferido é a Lagoa Grande, unha das maiores e únicas turfeiras de Galica, sobre a que van proxectadas tres torres eólicas de case 185 metros de altura e a pista de acceso.

Impacto sobre a captació de CO2 da atmósfera

O monte Grande representa un espazo de incalculable valor ecolóxico, con gran biodiversidade, ecosistemas prioritarios, lagoas, carballeiras e **gran captación de CO2 á atmósfera.**

A creación dunha explotación industrial eólica e a súa liña de evacuación suporía perder máis dun 15 % da masa arbaolada do Monte Grande, que deixaría de contribuir ao benestar da atmósfera e de minimizar os efectos do cambio climático.

Impacto sobre a auga potable

O Monte Grande, posúe un elevado número de nacentes que suministran de auga potable á vila de Bande e a moitas aldeas da contorna. Nacentes que abrollan para suministrar ás principais corgas das Regueiras, Regato de Carpezás, Regato de Lamas e Corga das Velas. Un sistema hídrico que se vería totalmente alterado coas remocións de terras e cortes nas pendentes, tanto no caso das traídas de auga coma no caso das veas que alimentan ás dúas principais lagoas do monte Grande: A lagoa Grande coa súa inmensa turbeira e o lago do Llermes. De igual xeito, as fontes históricas como a Fonte dos Campos, Fonte das Navallas, Fonte do Lago, Fonte do Llermes..., poderían estragarse ao verse altreados os manaciais de onde se nutren.

Impacto sobre o Patrimonio Cultural

A riqueza patrimonial do Monte Grande, vese seriamente ameazada en varias fronteas coa previsión de implantación da explotación industrial eólica Fonsanta, ademáis do foxo do lobo das Covateiras xa mencionado.

1. Impacto contra as mámoas e petróglifos da Fonte Santa ao proxectar no seu entorno inmediato dous aeroxeneradores.
2. Impacto contra a mámoa do Monte Raso e as coviñas do entorno ao proxectar na súa área de protección dous aeroxeneradores, máis a instalación da torre anemométrica xa implantada na área de protección das coviñas.
3. Impacto contra o foxo do Lobo das Covateiras ao proxectar dous aeroxeneradores sobre a proxección do seu muro norte ata o alto do Arando.
4. Impacto conta os petróglifos da Lagoa Grande

Impacto sobre o equilibrio do medio

O fráxil ecosistema do Monte Grande, cunha gran combinación de biodiversidade faunística, natural e forestal, complementada coa excelente riqueza patrimonial, require unha estabilidade ecolóxica que se vería fragmentada coa construción de pistas, plataformas, movementos de terras, ruídos permanentes e grandes aeroxeneradores dominando a paisaxe. Por este motivo, cremos que non é o lugar idóneo para a construción dunha explotación eólica. Sendo conscentes dende a Asociación Arnau da necesidade de xenerar enerxía verde para a estabilidade do ecosistema do planeta, estimamos que non debe ser a calquera prezo, destruindo un monte no que se está a crear un parque arqueolóxico e unha rexeneración natural de carballeiras que foi cualificado por enxeñeiros agrónomos como un dos mellores montes forestais de Galicia. Cremos que estes aproveitamentos enerxéticos con tanto impacto natural, paisaxístico e patrimonial, deberían desprazarse moito máis deste tipo de montes tan singulares e con tanto patrimonio e biodiversidade; incrementándose o handicap, ao estar moi preto do maior parque natural de Galicia: O Xurés, que se vería totalmente prexudicado polos mástiles eólicos que se erguerían sobre 180 metros do solo e as torres de alta tensión prolongándose sobre a paisaxe.

Impacto contra a saúde pública

Despois de máis de 2 décadas de implantación de parques eólicos de forma masiva en Galicia, coñécese que provocan graves problemas na saúde das persoas, feito que sa acarrexou a paralización eólica en Australia, e mesmo se dictasen sentenzas que obrigan a desmantelar aeroxeneradores.

Coñécese como o problema do "Síndrome da turbina eólica", polo que os expertos recomendan a distancia superior a 2 quilómetros das aldeas.

Martiñán, a parte leste de Bande, Vilar e Lueda, quedan a menos de 2 quilómetros das torres eólicas, concretamente a 1700 metros.

Mesmo se reflexa que "Calquera persoa que viva a menos de 6 kms dun parque eólico, debería ser avisada das consecuencias que pode ter para a saúde e calidade de vida". Doctora, Nina Pierpont, Universidade de Columbia EEUU.

O ruído é un dos problemas máis evidentes, con aspas de ata 80 metros, provocando sonidos, vibracións e incluso cambios da presión do aire moi impactantes a menos de 2 quilómetros das torres. Ao que hai que engadir os infrasonidos e ondas de baixa frecuencia que se propagan quilómetros e poden ocasionar dores de cabeza, trastornos de sono, zumbidos nos ouvidos, ansiedade, problemas de concentración, cansancio, neurosis...

Tamén hai que ter en consideración como o efecto estroboscópico, que provoca que as sombras parpadeantes proxectadas polas aspas ao xirar cando o sol está detrás dos muíños, cause estrés.

Destelleos e fognazos das luminarias dos aeroxeneradores pola noite, cun motivo relevante de estrés e perda de calidade de vida .

No estudo MCPerson averiguouse que os infrasonidos son efectivamente un serio problema par a saúde, podendo traer graves consecuencias.

7. Normativa específica

Ademáis das normativas xenéricas de impacto ambiental e patrimonial que poidan ter relación con este proxecto; dada as senlleiras circunstancias da súa ubicación, podemos mencionar unha normativa específica que afecta directamente a esta proposta de explotación eólica:

-Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación de hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

-Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de novembro do 2009. relativo á conservación de aves silvestres.

-Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e Biodiversidade

-Lei 5/2016 de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

-Reserva Internacional transfronteiriza da Biosfera Gerês-Xurés

A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia é moi clara, ao non permitir novas infraestruturas, nin desmontes nas áreas de protección dos xacementos arqueolóxicos, estean catalogados ou non. Neste caso, se o concello non conta co PXOM, enténdense por lei 200 metros dende o perímetro exterior dos mesmos, como se recolle no PBA.

En canto á conservación de hábitats prioritarios a protexer recollidos na Directiva 92/43 da CEE:

-4020 Queirogais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica Tetralix*

-4030 Queirogais secos europeos

-8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* e do *Sedo albi-Veronicion dilleni*

-91E0 Bosques aluviaais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*

-9230 carballeiras galico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*

8. Conclusións

Tras analizar minuciosamente o territorio onde que quere implantar a explotación eólica, tiramos as seguintes conclusións:

Por todo o impacto paisaxístico que xeraría o Parque eólico Fonsanta, o risco de afección ao patrimonio cultural, con grandes zonas de potencialidade arqueolóxica e áreas de risco a carón dos xacementos, e o grave impacto sobre o patrimonio natural e o equilibrio do medio, solicitamos:

-Que non se permita a instalación do Parque eólico Fonsanta no Monte Grande.

-Que se retire o medidor eólico colocado no entorno da mámoa do Monte Raso e das coviñas petrografadas.

-Que se archive o expediente e quede protexido para o futuro este monte de alto valor natural e forestal nas inmediacións do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

-Que se declaren protexidas as carballeiras, turbeiras, bosques de ribeira, fauna slavaxe, tapete de musgo e xacementos arqueolóxicos do Monte Grande e non se contemple no futuro a súa explotación para a industria eólica, solar ou calquera outra que provoque un impacto sobre o medio e prexudique a sosteñibilidade ecolóxica. Tendo en conta que todo o Monte Grande xa forma parte dun Parque Arqueolóxico e ten un aproveitamento forestal sostíbel.

POR TODO O ANTERIOR

SOLICITA:

1.-O rexeitamento das solicitudes de autorización administrativa previa, da declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, da autorización administrativa de construción, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do estudo de impacto ambiental do parque eólico Fonsanta, situado nos concellos de Bande, Rairiz de Veiga e Verea, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2018/017), DOG Núm. 96, 19 de maio de 2022 e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenza social.

Ao igual que no proxecto do parque eólico Lamas de Feás, no caso do proxecto do parque eólico Fonsanta, existe unha afección severa e irreversible a humedais e a paraxes ribeiregas que reúnen características higrófilas.

No presente caso a afección e os danos ás masas consolidadas de frondosas de bosque galego autóctono ou ancient wood é irreversible, en canto que o proxecto prevé a eliminación irreversible e definitiva de carballeiras e vexetación de ribeira. Advírteselle con respecto a este tipo de hábitats de interese comunitario que existe a obriga legal de mantelos nun estado de conservación favorable, o que resulta incompatible coa súa eliminación. Neste sentido tanto o proxecto do parque eólico Fonsanta como o proxecto da súa liña de evacuación (que se tramita aos efectos ambientais como un proxecto independente) resultan inviables polas severas afeccións e danos que irrogarían ao bosque autóctono galego e aos humedais. Teñan en conta que a afección en conxunto tanto do parque como da liña de evacuación ben poderían superar as 20 hectáreas de bosque autóctono galego e bosque de ribeira.

2.-SIRVAN AS PRESENTES ALEGACIONES COMO NOTIFICACION PREVIA DESTE ASUNTO, QUE VAI A SER OPORTUNAMENTE RATIFICADA PARA O CASO DE PROGRESO DA SOLICITUDE RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO FONSAITA ASÍ COMO DAS SÚAS INFRAESTRUTURAS DE EVACUACIÓN (EXPEDIENTE IN408A 2018/017) E PROGRESO DA MESMA, DEBENDO OS PROMOTORES ENFRENTARSE AOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS QUE SE INICIEN (CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS E PENAS), ASI COMO, ÁS INDEMNIZACIONES QUE PROCEDAN, CON RESPONSABILIDADE SUBSIDIARIA DE QUEN AUTORIZA SEN TER EN CONTA OS DEFECTOS DOS QUE SE LLE PON EN COÑECEMENTO.

3.- Téñase en conta que o Inventario de Humidais de Galicia non recolle ningún humidal, agás os protexidos polo Convenio Ramsar. Téñase en conta que ademais dunha impresionante e exclusiva biodiversidade, calcúlase que unha hectárea de turbeira pode almacenar entre 3 e 3,5 veces máis carbono que unha hectárea de bosque tropical, reducindo a emisión de gases de efecto invernadoiro e o quecemento global do planeta, polo que é fundamental a conservación destes sumidoiros e acumuladores de carbono.

4.- Acceso dixital, ao abeiro da Lei 27/2006, á documentación relativa ao seguimento ambiental do Plan Sectorial eólico de Galicia e ao programa de vixilancia ambiental deste, tal e como indica o artigo 51 da Lei 21/2013, de 9 de outubro de avaliación ambiental de Galicia.

Véxase o Informe Macroeólicos:

<https://mapaseolicos.wordpress.com/informe/>

5.- Teñan en conta que en consonancia co anterior estase a vulnerar unha mancha de normativa que xera indefensión para a cidadanía como:

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia.
- Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Directiva 2011/92/UE do Parlamento e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente
- Directiva 2001/42/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación ambiental dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

6.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia, teñen dereito a DETURPAR a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso existe un rexeitamento social ao parque eólico FONSANTA e a súa infraestrutura asociada de evacuación e os demais parques eólicos xa existentes ou en tramitación na área xeográfica de afección deste proxecto e as liñas de

evacuación existentes e en tramitación na mesma área xeográfica. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias, culturais e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURALS EN GALICIA:
<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=443777>

Véxase: “Efectos de los parques eólicos e instalaciones eléctricas asociadas sobre la salud”.
<https://aliente.org/efectos-eolica-salud>

7.- Abran un proceso público participativo, onde con carácter previo, a cidadanía afectada e o público poidan participar na localización do proxecto eólico FONSANTA e a súa solución de evacuación aos efectos paisaxísticos. Cómpre ter en conta que o Convenio europeo da Paisaxe indica que os obxectivos de calidade paisaxística determínanos a Administración, **en base ás aspiracións da cidadanía**, e non en base ás aspiracións dunha mercantil promotora que actúa no mercado con ánimo de lucro. Polo tanto, estase a obviar a participación pública nun instrumento de ordenación do territorio tan importante e con tanta afección como é este proxecto industrial.

Bande, 26 de maio de 2022

Asdo.- _____